



Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento
63114I01JP 631/2020/174

Exp.: EXC-32/20

AO PLENO DO CONCELLO

INFORME PROPOSTA PARA A SUSPENSIÓN CAUTELAR DA TRAMITACIÓN DE PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO, INSTRUMENTOS DE EQUIDISTRIBUCIÓN, URBANIZACIÓN E LICENZAS NO ÁMBITO DO API S-35 “RÍA DO BURGO”.

INFORME PROPOSTA

I. ANTECEDENTES DE INTERESE

1. O Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña aprobouse definitivamente por Orde do 25.02.2013 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 48, do 08.03.2013, que entrou en vigor o 27.07.2013 mediante a publicación da súa normativa no B.O.P. núm. 129, do 09.07.2013 (PXOM/13).

O PXOM/13 foi aprobado ao abeiro da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e non está adaptado á vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG/16).

A LSG/16, na súa disposición transitoria primeira, determina o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado á lexislación urbanística vixente, nos seguintes termos:

“1. El planeamiento aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de la presente ley y adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a la misma, conforme a las siguientes reglas:

a) Al suelo urbano, se le aplicará íntegramente lo dispuesto en el planeamiento respectivo”.



Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

63114I01JP 631/2020/174

2. O PXOM/13, establece a ordenación da fachada marítima da cidade cara á Ría do Burgo mediante diversas figuras de planeamento urbanístico incorporadas e remitidas como son o Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Peixería de A Coruña (API Q19 - PEPRI); o Plan Especial de Ordenación da Zona de Servicio Portuaria (API P22 – PEOZOS); o Plan Especial de Transformación dos peiraos de Batería e Calvo Sotelo (PET Q23); o Plan Especial de Transformación do peirao e estación de San Diego (PET R26); e a Modificación puntual do PXOM de 1998 na fronte da Ría do Burgo aprobada definitivamente mediante Orde do 1 de outubro de 2008 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, recollida no PXOM/13 como a área de planeamento incorporado API S35.

Nas áreas de planeamento incorporadas (APIs), o PXOM/13 declara a vixencia dos actos de planeamento e xestión realizados en desenvolvemento do plan anterior, que se incorporan a este plan coas modificacións, en su caso, detalladas na casa de observacións da ficha correspondente e as aprobadas con posterioridade á entrada en vigor do plan xeral.

Os ámbitos inseridos nos plans especiais de transformación (PETs), deberán ser obxecto de ordenación mediante os correspondentes plans de reforma interior, previa desafección dos terreos pola administración titular correspondente.

Hai que salientar que as determinacións contidas nos ámbitos dos PET Q23 e R26, e o API S35, foron incorporadas ao PXOM/13 en seguimento das directrices fixadas polo “Plan Director de Reordenación de los Espacios Portuarios de A Coruña y Frente marítimo de la Ría del Burgo”, redactado polo Prof. Joan Busquets i Grau por encargo do Concello de A Coruña, do que tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local do 09.06.2006, para dar cumprimento ao disposto no Convenio para a reordenación urbanística de determinados terreos do actual Porto de A Coruña e da Estación de San Diego. suscrito o 2 de febreiro de 2004, entre o Ministerio de Fomento, A Xunta de Galicia e os Concellos de A Coruña e Arteixo.

O apartado 2 “Programa de actuación” da dita MP aprobada o 01/10/2008 sinalaba expresamente que: “*Los polígonos de suelo urbano no consolidado*



Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

63114I01JP 631/2020/174

deberá iniciar su ejecución antes de transcurrido un año desde la aprobación de la presente modificación puntual". O dito ano ten transcurrido en exceso dende a aprobación definitiva o 01/10/2008, tendo transcurrido máis de doce anos da aprobación da dita ordenación detallada.

Asemade, teríase superado amplamente os prazos para o cumprimento dos deberes urbanísticos sinalados no art. 1.18.b do PXOM/2013, sen prexuízo de que este indica expresamente que: "Los plazos fijados en los apartados precedentes, regirán únicamente cuando no se establecieren otros distintos en la estrategia de actuación o en la correspondiente ficha de planeamiento" (art. 1.1.8.b.4).

A este respecto, o art. 113.1 da LSG/2016 dispón que: "El cumplimiento de los deberes de cesión, equidistribución y urbanización habrá de ser desarrollado en los plazos establecidos al efecto".

3. O 31/05/2013 entrou en vigor a Lei 2/2013, do 29 de maio, de modificación da Lei de Costas. En cumprimento da disposición adicional 8ª da dita Lei, a Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e o Mar, mediante Resolución do 24 de xullo de 2017, aprobou a Estratexia de Adaptación ao cambio climático da costa España (BOE nº 193, 14.8.2017).

A dita Estratexia identifica os seguintes riscos:

"La Estrategia no puede obviar que existen multitud de problemas ambientales de origen antropogénico que pueden modificar considerablemente los riesgos ambientales en la costa. Aunque la Estrategia se centra en los riesgos derivados del cambio climático y de los eventos extremos, la acción del hombre puede modificar considerablemente la peligrosidad, exposición y vulnerabilidad, ya sea por aspectos tales como las emisiones, cambios en uso del suelo, ocupación de la línea de costa, cambios en la calidad de agua como por otros muchos aspectos asociados a las diferentes trayectorias socioeconómicas. Estas modificaciones contribuyen a que, ante un cambio dado en uno de los

Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

63114I01JP 631/2020/174

factores climáticos, el riesgo y consecuencias resultantes en la costa puedan variar considerablemente.”

Detecta o factor da artificialización do litoral polo elevado número de vivendas que se poden construír na costa:

“La demanda turística, residencial y de ocio que tiene la costa española, gracias a su clima y riqueza natural y cultural, ha producido destacables beneficios económicos como el crecimiento del sector turístico español.

Asociado al fenómeno turístico, pero muy relacionado con el boom inmobiliario, en los últimos años ha tenido lugar un crecimiento descontrolado de la artificialización del territorio, dando lugar a un número desmesurado de viviendas e infraestructuras en nuestras costas. Este proceso de artificialización ha supuesto una enorme pérdida de bienes y servicios de los ecosistemas litorales, haciendo que este modelo de desarrollo no sea sostenible a medio plazo (Observatorio de la Sostenibilidad en España 2011). Es este modelo de desarrollo el que definitivamente puede terminar con el atractivo turístico de nuestras costas dando lugar a importantes repercusiones en el sector turístico y el PIB nacional”.

A dita Estratexia contempla tamén unha clasificación das opcións de adaptación, en tres grandes grupos:

- de protección.
- de acomodación.
- de retroceso.

“1. Se definen las opciones de protección como aquellas que tienen como fin último proteger las zonas en riesgo, ya sean parte del sistema socioeconómico o natural, tratando de evitar que se produzcan los impactos derivados de la inundación, erosión, intrusión salina, etc., mediante la reducción de la peligrosidad y/o especialmente la exposición.

Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

63114I01JP 631/2020/174

2. *Las opciones de acomodación son aquellas que manteniendo los elementos en riesgo potencial en las zonas afectadas, priorizan la reducción de la vulnerabilidad de los mismos mediante la modificación de usos del suelo, la introducción de normativa específica para las infraestructuras y viviendas o la adopción de medidas que aumenten la preparación de los elementos afectados ante los posibles impactos.*
3. *Finalmente, las opciones de retroceso se basan en el abandono planificado de las zonas susceptibles de verse afectadas por los impactos del cambio climático o de los riesgos extremos”.*

A dita Estratexia identifica como medidas a adoptar (páx. 91), as seguintes:

- “- Os cambios do uso do solo (medida nº 16), como medida de acomodación: “Se trabaxará coordinadamente con las autoridades competentes para fomentar cambios en los usos del suelo en las zonas del litoral, con el fin de reducir la vulnerabilidad y el riesgo frente al cambio climático. Compatible con el concepto de infraestructura verde”.
- A adquisición de patrimonio público litoral, como medida de retroceso, co fin de: “Se analizará la viabilidad legal y económica de poner en marcha un programa de adquisición de terrenos en el litoral, con objeto de reforzar la protección de la costa mediante la incorporación al DPMT de nuevos espacios que pueden verse afectados por el cambio climático. Esta medida está muy vinculada a las dos anteriores. Compatible con el concepto de infraestructura verde”.
- A xestión integral das zonas costeras coa participación de todas as Administracións Públicas implicada no borde litoral.”.

Pola súa parte, a resolución do 12 de decembro de 2016, pola que foi formulada a declaración ambiental estratéxica da Estratexia de adaptación ao cambio climático da costa Española (BOE nº 309, do 23.12.2016), identifica como principios de sostibilidade, en canto ao compoñente ambiental do solo, patrimonio xeolóxico, cultural e paisaxístico:

Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

63114I01JP 631/2020/174

- *Preservar aqueles valores xeomorfolóxicos, identificadores e característicos da paisaxe litoral.*
- *Asegurarse de que as actuacións elixibles posúan un deseño ben adaptado á paisaxe litoral no que se inserte, con especial atención ás zonas con paisaxe de maior naturalidade.*
- *Fomentar medidas que impliquen a protección revaloración do patrimonio cultural asociado á costa.*
- *Evitar novas infraestruturas, construción e desenvolvementos urbanos na franxa costeiro litoral.”.*

O art. 2.c) da LC tras a reforma pola Lei 2/2013, dispón:

“La actuación administrativa sobre el dominio público marítimo-terrestre perseguirá los siguientes fines:

- a) Determinar el dominio público marítimo-terrestre y asegurar su integridad y adecuada conservación, adoptando, en su caso, las medidas de protección, y restauración necesarias y, cuando proceda, de adaptación, teniendo en cuenta los efectos del cambio climático”.

Asemade, o art. 92. do Regulamento da Lei de Costas do 2014, sinala que:

“Se deberán considerar las medidas de adaptación que se definan en la estrategia para la adaptación de la costa a los efectos del cambio climático, establecida en la disposición adicional octava de la Ley 2/2013, de 29 de mayo”.

O denominado litoral identifícase como mínimo cos 500 metros dende o límite interior da ribeira do mar (zona de influencia, art. 30 Lei de Costas.), se ben o Plan de Ordenación do Litoral aprobado por Decreto da Xunta de Galicia nº 20/2011, do 10 de febreiro (POL) estendeu o seu ámbito de aplicación con respecto aos terreos vencellados ambiental e paisaxísticamente coa costa,

Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

63114I01JP 631/2020/174

téndose avalado esta decisión, entre outras, pola STSX de Galicia nº 517/2014, do 29 de maio.

A nivel internacional, a “Nova Axenda Urbana” (Hábitat III, 2016) da ONU, incide na necesidade de promover un “desarrollo urbano resiliente y ambientalmente sostenible”, establecendo como pauta para as cidades, entre outras:

- “- A aprobación e posta en práctica de “políticas de redución y gestión de los riesgos de desastres, reducen la vulnerabilidad, aumentan la resiliencia y la capacidad de respuesta ante los peligros naturales y antropogénicos, y fomentan la adaptación al cambio climático y la mitigación de sus efectos” (parágrafo 13.g).
- O compromiso de “preservar y promover la función social y ecológica de las tierras, incluidas las zonas costeras que dan apoyo a las ciudades y los asentamientos humanos, y a fomentar soluciones basadas en los ecosistemas para garantizar pautas de consumo y producción sostenibles, a fin de que no se sobrepase la capacidad regenerativa de los ecosistemas. Nos comprometemos también a promover el uso sostenible de la tierra, a mantener unas densidades y una compacidad adecuadas al ampliar las zonas urbanas a fin de prevenir y a contener el crecimiento urbano incontrolado ...” (compromiso 69).”

Igualmente, o art. 21 do POL sinala a necesidade de ter en conta no planeamento urbanístico que afecte ao litoral as evidencias do cambio climático.

“O planeamento deberá considerar no deseño das súas estratexias de desenvolvemento as previsións e evidencias dos efectos do cambio climático, para poder adaptar a planificación aos posibles cambios na variación da cota de inundación, o retroceso da liña de costa e as variacións na frecuencia e intensidade de fenómenos naturais adversos tales como temporais, inundacións, etc.”.



Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

63114I01JP 631/2020/174

Neste mesmo senso pronúncianse as determinacións do apartado 6. O litoral, das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, que foron desenvolvidas no citado POLGA.

4. Nos últimos anos, o Concello de A Coruña, realizou diversas actuacións coa finalidade de involucrar á veciñanza da cidade e profesionais do sector do urbanismo que quixeran participar na achega de propostas para a reordenación da fronte marítima da cidade, concretados na realización dos traballos “Tecendo Litoral: A investigación. Atlas do litoral; pasado e presente” e “Deseño do proceso de investigación, análise e proposta de usos para o borde litoral de A Coruña”, que finalizaron ca convocatoria dun concurso internacional de ideas.

Por outra banda, e nesta mesma liña, o Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 16 de xaneiro de 2020, aprobou a Modificación puntual do PXOM/13 no ámbito da Solana, coa finalidade de garantir a titularidade pública deste sistema dotacional de gran interese para a cidade, consonte a previsión contida na determinación 6.13 das Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia nº 19/2011, do 10 de febreiro (DOT).

Como continuación dos anteditos traballos o 4 de setembro de 2020, a Alcaldesa de A Coruña, en representación do Concello, asinou coa Universidade de A Coruña un Convenio de colaboración para a “Definición dunhas liñas estratéxicas para a reordenación da fachada litoral da cidade de A Coruña”, que servirá para reformular as previsións contidas no PXOM/13, nos ámbitos dos PET Q23 “Batería / Calvo Sotelo (Porto Zona 1)” e PET R26 “Porto Zona 2”, previamente ao seu desenvolvemento.

II. OBXECTO E ALCANCE DA SUSPENSIÓN DE LICENZAS.

Visto canto antecede, compróbase que o único ámbito da fronte litoral da cidade cara á Ría do Burgo, que non foi até agora obxecto de análise e avaliación dende o punto de vista das condicións urbanísticas establecidas no PXOM/13 e confrontadas ca lexislación e estudos posteriores, é o ámbito do API S35 “Ría do Burgo”, que ordena una franxa litoral duns dous mil metros de lonxitude, comprendidos entre a praia de Oza, ao norte, e o límite do termo municipal de Culleredo, ao sur, e dende á Ría, ao leste, até a Av. da Pasaxe, ao oeste. A superficie total ordenada é de 384.909,77 m².

Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

63114I01JP 631/2020/174

Neste ámbito o PXOM/13 clasificou como solo urbano consolidado un total de 254.326,17 m² e solo urbano non consolidado 130.583,60 m² (delimitando nove polígonos, inseridos en nove áreas de repartición).

Os ámbitos de solo urbano consolidado regúlanse polas seguintes ordenanzas herdadas do PXOM/98 e a modificación puntual aprobada por Orde do 01/10/2008: Norma Zonal 1, Mantemento da edificación; Norma Zonal 6.2. Solo urbano de núcleos; Norma Zonal 12, Edificación en bloque; Norma Zonal 13, Solo urbano do núcleo das Xubias de Abaixo; e Norma Zonal 11, Equipamentos, con aplicación alternativa da Norma Zonal 8, Equipamentos do PXOM/13.

A aplicación dalgunha destas ordenanzas sobre o terreo, aínda que teñan ordenación pormenorizada na propia modificación puntual, considérase que ten unha importante afección sobre a franxa litoral polas seguintes razóns:

- a) As condicións topográficas do terreo, cunha forte pendente cara o leste (até o 38%), fan que as construcións que se podan construír nel teñan unha importante presenza dende a outra beira da Ría.
- b) A tipoloxía edificatoria, posición e alturas propostas para algunhas futuras construcións e desenvolvementos urbanísticos previstos, poden limitar as vistas do borde costeiro dende as vías de comunicación e espazos públicos previstos no plan, xerando un forte impacto visual e paisaxístico.
- c) As ordenacións propostas polo plan para algúns dos ámbitos de execución, non tiveron en conta a existencia de construcións en bo estado de conservación, nas que se desenvolven usos e actividades que se considera necesario manter.

As consideracións anteditas fan aconsellábel acometer a revisión daquelas determinacións do planeamento que xeran resultados non desexábeis dende o punto de vista da protección da paisaxe litoral e do patrimonio, da rexeneración e renovación dos tecidos urbanos existentes, do desenvolvemento urbano sostíbel e da cohesión social.

Todos eles grafados no plano que acompaña á presente proposta.



Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

📄 63114I01JP 📁 631/2020/174

As circunstancias anteriores fan aconsellable, para garantir a efectividade da ordenación futura, a adopción dun acordo de suspensión cautelar de licenzas nos ámbitos anteriormente sinalados, ao abeiro do disposto nos artigos 47 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG/16), e 86 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia.

A Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 319/09, do 18 de marzo, sinala a procedencia de ampliar a suspensión cautelar non só ao outorgamento de licenzas, senón tamén aos instrumentos de planeamento de desenvolvemento e a instrumentos de equidistribución.

Deste xeito, considérase conveniente suspender licenzas, así como a tramitación dos instrumentos de planeamento e xestión nos seguintes ámbitos da modificación puntual do PXOM/98 (número de expte 631/2004/438; MPX-10/04), incorporado ao PXOM/13 como área de planeamento incorporado API S35 “Ría do Burgo”:

1. Nos polígonos e áreas de repartición delimitados en solo urbano non consolidado, situados ao norte da Ponte da Pasaxe (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 e RB6), suspéndese os procedementos de tramitación de instrumentos de planeamento e de equidistribución.
2. No ámbito de solo urbano consolidado, suspéndense os procedementos de concesión de licenzas de parcelación (arts. 148 LSG/16 e 366 RLSG/16) e demolición de construcións (art. 1.4.9. do PXOM/13). Asemade no ámbito de solo urbano consolidado regulado pola Norma Zonal 12, suspéndese o outorgamento de licenzas de nova edificación, ao responder a unha tipoloxía de edificación en bloque e atoparse nun zona cun maior relevo. Igualmente, suspéndese as licenzas de nova edificación no ámbito da Norma Zonal 6.2 do PXOM/1998, ao carecer de condicións de integración estética e paisaxísticas.

As licenzas de nova edificación non se suspenden no ámbito da Norma Zonal 13, xa que a súa aplicación exclusivamente no ámbito do núcleo das Xubias de Abaixo, está permitindo rehabilitar as edificacións tradicionais existentes e

Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

63114I01JP 631/2020/174

completar os solares baleiros, recuperando deste xeito o carácter do antigo núcleo pesqueiro.

Con respecto ao ámbito da Norma Zonal 1 (5), non se considera necesario suspender licenzas, dado que a edificación atópase catalogada cun nivel de protección ambiental IV-B polas determinación da MP da Ría do Burgo do ano 2008 co Código 140 incorporadas ao vixente PXOM/2013, complementadas e actualizadas co marco normativo derivado da disposición transitoria 4ª.3º e o artigo 42 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.

3. No que se refire aos polígonos RB7, RB8 e RB9, e a Norma Zona 1(3) ao outro lado da Ponte da Pasaxe, nun ámbito xeográfico diferenciado e practicamente transformado, cunha reducida superficie cada un deles, considérase que non teñen incidencia negativa nos valores paisaxísticos e litorais, estando avanzada a fase de equidistribución no ámbito do polígono RB-9.

III. TRAMITACIÓN E COMPETENCIA

É competente para acordar a suspensión proposta o Pleno municipal por ser ó órgano lexitimado para aprobar con carácter inicial o planeamento, de tipo xeral, sobre o que se localiza o ámbito afectado pola suspensión.

O artigo 47.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG/2016), dispón:

“ 1. Os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico poderán acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, co fin de estudar a súa formulación, revisión ou modificación. Esta suspensión extinguirase, en todo caso, no prazo dun ano.

O acordo de suspensión deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia”.

Asemade, resulta de aplicación o previsto no art. 86 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o regulamento da Lei do Solo (RLSG/2016).

Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

📄 63114I01JP 📁 631/2020/174

A STSX de Galicia nº 481/2017, do 11 de decembro, lembra a finalidade da suspensión facultativa como medida cautelar para estudar a reforma ou modificación do planeamento.

Pola súa parte, a STS, 1646/2017, do 31 de outubro, lembra a xurisprudencia na materia, como medida cautelar, citando entre outras a STS do 29/01/1996:

“La institución de la suspensión de licencias por motivo de formación y aprobación de planes, en sus dos vertientes de facultativa ---con ocasión del estudio de un nuevo Plan, no iniciado el procedimiento formal de aprobación, ni los trabajos de elaboración técnica---, y automática ---por la aprobación inicial---, tiene carácter cautelar y tiende a asegurar que durante la tramitación del Plan que regirá en el futuro no se consoliden aprovechamientos del suelo que, aunque amparados en el Plan todavía vigente, sean contradictorios con el nuevo modelo territorial. El carácter específico y la finalidad de la suspensión hace que esta institución opere como limitadora de derechos, de aquí la interpretación restrictiva que merece su régimen jurídico, incluido su contenido, es decir, las actividades a que alcanza la suspensión”.

Este novo modelo territorial vén determinado con motivo das diversas disposicións legais referidas anteriormente (POL, DOT, modificación da Lei de Costas pola Lei 2/2013, Estratexia Española de adaptación ao cambio climático do ano 2017, Axenda Urbana 2030, Pacto Verde Europeo 2020 e o Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que foi aprobado o regulamento da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia) que obrigan a la Administración a estudar a incidencia das mesmas nun ámbito tan sensible como o litoral, todo elo no marco do “principio de desenvolvemento territorial e urbano sostible” contemplado e desenvolvido no art. 3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 20 de outubro, polo que foi aprobado o Texto Refundido da Lei do Solo e de Rehabilitación urbana (TRLS/2015).

Asemade, o art. 22.6 do dito TRLS/2015, dispón que:

“Las Administraciones competentes en materia de ordenación y ejecución urbanísticas deberán elevar al órgano que corresponda de entre sus órganos colegiados de gobierno, con la periodicidad mínima que fije la legislación en la materia, un informe de seguimiento de la actividad de ejecución urbanística de su competencia, que deberá considerar al menos la sostenibilidad ambiental y

Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

63114I01JP 631/2020/174

económica a que se refiere este artículo.

Los Municipios estarán obligados al informe a que se refiere el párrafo anterior cuando lo disponga la legislación en la materia y, al menos, cuando deban tener una Junta de Gobierno Local.

El informe a que se refieren los párrafos anteriores podrá surtir los efectos propios del seguimiento a que se refiere la legislación de evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente, cuando cumpla todos los requisitos en ella exigidos”.

O acordo deberá de adoptarse pola maioría simple do número legal de membros do Pleno, de conformidade co establecido no art. 47.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, ao ter natureza de medida cautelar para o estudio da modificación do planeamento e non referirse á tramitación dos instrumentos de planeamento xeral.

Polo exposto, elevase ao Pleno do Concello para a súa aprobación, se procede, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, equidistribución e urbanización nos seguintes ámbitos da área de planeamento incorporado API S35 “Ría do Burgo”: polígonos e áreas de repartición delimitados en solo urbano non consolidado, situados ao norte da Ponte da Pasaxe (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 e RB6).

No ámbito de solo urbano consolidado, suspéndese as licenzas de nova edificación, parcelación (arts. 148 LSG/16 e 366 RLSG/16) e demolición de construcións (art. 1.4.9. do PXOM/13), no ámbito das Norma zonal 12 “edificación en bloque” e da Norma zonal 6.2 do PXOM/1998 que se atopa incorporada ao PXOM/2013 no API S-35 (Ría do Burgo), sen afectar as obras nas parcelas cualificadas como equipamento.



Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

63114I01JP 631/2020/174

No ámbito de solo urbano consolidado da Norma zonal nº 13 “solo urbano do núcleo das Xubias de Abaixo” unicamente se suspenden as licenzas de parcelación e demolición das construcións, permitíndose as obras nos edificios (art. 1.4.8 PXOM) e as obras de nova edificación (art. 1.4.10 PXOM) agás as de substitución.

En todos os casos anteriormente sinalados, a suspensión non afectará ás obras ou actividades sinaladas no art. 86.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o regulamento da Lei do solo de Galicia.

Xúntase a este acordo a delimitación do ámbito de suspensión grafada no plano que se achega, así como o resume executivo.

SEGUNDO.- Incoar o expediente de estudio e análise dos parámetros dunha posible modificación puntual do planeamento xeral no ámbito identificado no apartado primeiro, que acolla os criterios do novo modelo territorial sinalado nas disposicións referidas.

TERCEIRO.- Publicar o acordo de suspensión no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como na sede electrónica do Concello.

CUARTO.- Notificar este acordo aos Departamentos municipais implicados na execución do planeamento.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

Xefe do Departamento de Planeamento

Xefe de Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Directora Área de Urbanismo

V. e pr., Concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade